

Notas para unha análise comparativa das nocións de *restrición léxica e colocación*

Eva María Muñiz Álvarez

Universidade de Santiago de Compostela

As novas achegas sobre lexicoloxía recoñecen a existencia de leis que regulan a combinatoria léxica das linguas e, implicitamente, falan dunha dimensión da sintaxe que vai máis alá das descrições xerais que recollen as gramáticas e que configura un nivel de restrición lingüística ignorado ata hai ben pouco. No afondamento desta restrición xorden dúas nocións que artellan as actuais teorías lexicolóxicas do castelán: a colocación e a restrición léxica, que estas páxinas pretenden revisar dun xeito comparativo.

Palabras clave: lexicoloxía, combinatoria léxica, colocación, restrición léxica.

The new advantages on lexicology recognize rules in the lexical combinations and, implicitly, state a syntactic level lower than the general descriptions registered in grammars, ignored until today. In the study of this syntactic restriction, there are two notions that support the present lexicological theories on Spanish: collocation and lexical restriction. This paper intends to review both of these notions comparatively.

Key words: lexicology, lexical combination, collocation, lexical restriction.

A investigación lexicolóxica actual mostra un interese crecente pola combinatoria. Vencido o mito da asistematicidade do léxico, cada vez son máis os autores que se achegan a este eido lingüístico como a unha terra en barbeito da que se agardan grandes froitos. Nesta ruptura, as nocións de *restrición léxica e colocación* constitúen importantes ferramentas de traballo que cómpre diferenciar.

1. O concepto de restrición léxica

Pódese dicir que a noción de restrición léxica é un concepto do trinque na historiografía lexicolóxica hispánica. Debe o seu nacemento a Ignacio Bosque e a súa aplicación á lexicografía deu lugar a *Redes. Diccionario combinatorio del español contemporáneo* (en diante *Redes*).

Na presentación dos principios teóricos que fundamentan o dicionario *Redes* (Bosque 2001a, 2001b, 2003 e 2004), o autor explica que –en contra do que se adoita reiterar– as combinacións como *perspectiva halagüeña*, *conocer sobradamente*, *ignorancia supina* ou *prohibir terminantemente* non presentan unha relación exclusiva entre lexemas. A revisión do corpus evidencia que, por exemplo, o adxectivo *supino* aparece combinado con *ignorancia*, pero tamén con *incompetencia*, *inutilidad*, *necedad*, *desconocimiento*, *estupidez*, *ridiculez*, *imbecilidad*, *hipocresía*, *irresponsabilidad*, *egoísmo*, *cinismo* e algúns substantivos máis, semanticamente próximos (2001: 16). En consecuencia, o autor defende que a restrición léxica do predicado non se reduce a unha serie de unidades desvencelladas entre si, senón que os predicados seleccionan “clases léxicas” máis ou menos extensas. Vexamos, por exemplo, a entrada que propón *Redes* para o predicado HALAGÜEÑO:

halagüeño *adj.* ■ Aparece generalmente modificado por cuantificadores de grado (*poco*, *nada*, *bastante*). Se combina con...

A SUSTANTIVOS QUE DESIGNAN EL FUTURO, ASÍ COMO CIERTAS ESTIMACIONES QUE SE HACEN SOBRE ÉL: 1 futuro ++: Un análisis de la situación jurídica (...) demuestra que su futuro no es muy *halagüeño*. SEM031096 **2 destino +:** ...el eterno retorno de los que huyen de la pobreza en busca de un destino más *halagüeño*. EME170896 **3 expectativa +:** Además, las expectativas de futuro son *halagüeñas*, ya que cada vez nacen más... EME131096 **4 previsión + [...]** **5 pronóstico [...]** **6 augurio [...]** **7 devenir [...]** **8 predicción [...]** **9 perspectiva [...]** **10 trazado - [...]** **11 bienaventuranza - [...]**

B SUSTANTIVOS QUE DESIGNAN DATOS, RESULTADOS Y OTROS INDICADORES ANÁLOGOS. TAMBIÉN CON OTROS QUE EXPRESAN EL RESULTADO, GENERALMENTE CUANTIFICABLE, DEL PROCESO DE OBTENERLOS: 12 dato ++: El dato me pareció de lo más *halagüeño*. ABC150193 **13 cifra +:** Mientras tanto (... envía cifras *halagüeñas*, notificaciones en las que se habla del incremento... DLA281097 [...]) **14 resultado +:** ...llegó a Santander armado con los *halagüeños* resultados que han logrado las películas españolas [...]. **15 diagnóstico [...]** **16 plan [...]** **17 sondeo [...]** **18 balance [...]** **19 tasa [...]** **20 estadística [...]** **21 parte [...]** **22 encuesta [...]** **23 detalle - [...]** **24 radiografía - [...]** **25 comportamiento - [...]** **26 crecimiento - [...]** **27 ejercicio - [...]** **28 cota - [...]** **29 cotejo - [...]** **30 indicador - [...]** **31 versión - [...]**

C SUSTANTIVOS QUE DESIGNAN PERÍODOS O LÍMITES TEMPORALES: 32 presente: ...las mismas palabras que remiten a un futuro dorado (incomprobable) y a un presente *halagüeño* (verdad a medias)... EME200295 **33 año [...]** **34 comienzo [...]** **35 momento - [...]**

D SUSTANTIVOS QUE DESIGNAN DIVERSOS TIPOS DE TEXTOS O MENSAJES, DE CONTENIDO DESCRIPTIVO O EXPOSITIVO: 36 declaración ...hay una serie de *halagüeñas* declaraciones de política exterior EPD240997 **37 noticia [...]** **38 mensaje [...]** **39 comentario [...]** **40 argumento - [...]** **41 propuesta - [...]** **42 libro - [...]** **43 acepción [...]** **44 llamada - [...]**

E SUSTANTIVOS QUE DESIGNAN LO QUE SE PRESENTA A LA VISTA, ASÍ COMO DIVERSOS ESTADOS DE COSAS, GENERALMENTE PRESENTES, QUE SE DESCRIBEN O SE VALORAN: 45 panorama: En este sentido, el panorama del mercado de transgénicos no es *halagüeño*. POS180699 **46 situación + [...]** **47 imagen [...]** **48 cuadro [...]** **49 realidad [...]** **50 paisaje - [...]** **51 entorno - [...]** **52 hecho - [...]** **53 ilusión - [...]** **54 visión [...]**.

F OTROS SUSTANTIVOS; POSIBLES USOS ESTILÍSTICOS:

▮ Véase también: **esperanzador**, **favorable**, **propicio**.

De fondo, o concepto de restrición léxica presupón unha relación entre a intensión (o significado) e a extensión (o ámbito de aplicación) dunha voz e a enunciación das clases léxicas constitúe unha tentativa de describi-la información extensional dos predicados por medio de trazos intensionais. Bosque asegura que as clases léxicas de *Redes* proporcionan información extensional, constituída polas listas léxicas numeradas, e información intensional, achegada polos trazos semánticos dos descritores das clases léxicas.

Evidentemente, non é viable elaborar unha relación de tódalas combinacións léxicas posibles de cada predicado e, no caso de que a técnica chegase a permitir construíla, tal relación carecería de valor lingüístico. Por exemplo, o verbo *escalar*, no sentido de ‘acceder a’, combínase con substantivos que designan lugares altos (*muro, castillo, rascacielos, montaña, acantilado...*), pero a lista das voces do castelán que designan este tipo de localizacións non pertence ó coñecemento da lingua, senón ó coñecemento do mundo. Pola contra, neste mesmo sentido, o verbo *escalar* coaparece con unidades como *posición, puesto, nivel, cargo* e algunhas outras que constitúen parte da extensión de *escalar* e que non poden ser deducidas da intensión do verbo coa axuda do noso coñecemento extralingüístico.

Por suposto, o feito de que unha serie de unidades léxicas se combinen con outras non as converte en clase: cómpre que exista entre elas un vínculo semántico, un trazo que permita integralas como membros dun mesmo paradigma. No caso do predicado *escalar*, o dicionario *Redes* recoñece a existencia dunha propiedade intensional común a tódolos elementos da segunda lista e, así, define a clase léxica dos “sustantivos que denotan lugar que se ocupa, frecuentemente en una escala social o profesional”.

Segundo Bosque (2004: C), as listas léxicas que conforman unha clase posúen catro propiedades fundamentais:

- a) Non se obteñen do coñecemento da realidade, senón da análise do idioma.
- b) Non se dilatan indefinidamente, polo que poden ser descritas, restrinxidas e caracterizadas adecuadamente.
- c) Non se deducen directamente da definición da palabra; é dicir, non proceden da información denotativa ou da intensión dos conceptos.
- d) Deben ser aprendidas especificamente polo que adquire o idioma como primeira ou segunda lingua.

Na opinión do autor, os estudos anteriores describen esta selección mediante uns poucos trazos nominais (‘humano’, ‘animado’, ‘continuo’...), sen dar conta do conxunto de entidades restrinxido polo predicado con moita precisión. A noción de *restrición léxica* –e a de *clase léxica* dependente dela– procura unha ampliación das devanditas aproximacións, acadando unha descrición máis exacta da combinatoria léxica do predicado. Noutras palabras, as clases léxicas xorden para describir sistematicamente a selección léxica dos predicados (de individuos ou de eventos) sobre os seus argumentos (externos ou internos). Se a clase delimita as condicións dun argumento externo, enténdese que o lema *se predica* dos formantes da clase; así, por exemplo, *halagüeño* predícase dos “sustantivos que designan futuro” (*futuro, expectativa, destino*,

previsión...). En cambio, se a clase define as condicións dun argumento interno, débese entender que o lema *selecciona como argumento* os compoñentes da clase léxica; por exemplo, o predicado *escalar* selecciona como argumento “sustantivos que denotan lugar que se ocupa” (*posición, puesto, nivel, cargo...*).

As restricións léxicas que permiten acoutar unha clase léxica poden ter diversa natureza:

- a) Condicións aspectuais. *Redes* ten en conta que a información aspectual léxica tamén pode ser seleccionadora e, así, por exemplo, indica que o adverbio *indefectiblemente* se predica de “verbos que denotan iteración, reincidencia o copia” como *repetir* ou *reproducir*.
- b) Condicións semánticas. É o caso máis habitual. Por exemplo, *Redes* rexistra que o adxectivo *enrevesado* se predica de “sustantivos que denotan análise, justificación o exposición razonada de algo” como *explicación, análisis, interpretación* ou *conclusión*.
- c) Condicións discursivas. Segundo Bosque (2004: CXXXII e segs.), ás veces os paradigmas lingüísticos poden ser ampliados mediante unha operación atributiva implícita, de xeito que determinados elementos que a priori carecen das propiedades intensionais necesarias para formaren parte dunha clase son incluídos no paradigma e, polo tanto, son interpretados discursivamente *como se* fosen membros dese paradigma.

O autor ilustra o fenómeno coa entrada do predicado *bordear*, na que se recoñece unha clase semántica formada polos “sustantivos que designan límites, contornos y otros espacios longitudinales” (como *frontera, orilla, límite...*). Esta clase adoita ampliarse discursivamente ós “sustantivos que designan etapas vitales que se tienen por limitrofes” (*ancianidad, jubilación...*); é dicir, elementos léxicos que poden interpretarse como membros do paradigma, aínda que non pertencen a el dende un punto de vista semántico, xa que carecen das propiedades intensionais definitivas da clase (non denotan ‘límites’) (cf. Bosque 2004: CXVIII-CXIX).

2. O concepto de *colocación*

Como é coñecido, o termo *colocación* emprégase para designar combinacións léxicas como *trabrar conversación, vago redomado, discutir acaloradamente, llevarse un disgusto* ou *bandada de pájaros*. A introdución deste concepto na lingüística hispánica é serodia, pero foi recibido con interese notable por parte da comunidade investigadora.

A pesar da gran cantidade de estudos sobre colocacións publicados nos últimos anos, os autores discrepan aínda en puntos esenciais como son as características substantivas das colocacións ou o lugar que lles corresponde no mapa das disciplinas lingüísticas. Por iso, sen pretender solucionar definitivamente estes amplos problemas, defino brevemente a idea de colocación coa que traballo e as súas semellanzas e diferenzas respecto das principais concepcións vixentes¹: entendo por colocación unha combinación

¹ As devanditas concepcións están recollidas en Aguilar-Amat (1993), Alonso (1993 e 2002), Corpas (1997 e 2001), Írsula (1992 e 1994), Koike (2001) e Wotjak (1992, 1996, 1998a e 1998b), principalmente.

sintagmática de dúas unidades léxicas tales que, no proceso de produción lingüística, unha delas (a *base*), esixe ou prefire á outra (o *colocativo*) para expresar algún dos seus significados típicos².

En consecuencia, penso que a noción de colocación se encontra estreitamente vinculada á síntese lingüística, posto que é só no acto elocutivo cando xorden preguntas do tipo de *¿que se fai coa ‘ayuda’?* (‘*se presta*’, ‘*se recibe*’...) ou *¿que pasa coa ‘desconfianza’?* (‘*reina*’, ‘*se confirma*’...): o falante busca os colocativos movido pola conciencia de que existe unha palabra específica para o que pretende expresar. O ámbito desa particular selección léxica é o obxecto de estudo propio da investigación colocacional.

Dende esta óptica de produción, as colocacións son sempre combinacións *orientadas, composicionais, típicas e restrinxidas*. Vexamos estas propiedades separadamente:

a) As colocacións son expresións orientadas, porque a selección léxica é exercida sempre dende a base ó colocativo, sen que estes papeis se poidan intercambiar. Por exemplo, na combinación *prestar ayuda*, é o substantivo *ayuda* o que forza a selección léxica do verbo; mentres que en sentido inverso, do verbo ó substantivo, a relación posúe natureza valencial, non colocacional³.

b) Son composicionais, xa que os seus formantes manteñen entre si unha relación conceptual, fronte ás expresións fraseolóxicas, que constitúen unha unidade semántica. Os procesos de metaforización ou desemantización do colocativo, lonxe de comportar unha proba da semiidiomaticidade da colocación (Corpas 1997, Koike 2001 e Alonso 1993 e 2002, entre outros), poden explicarse como parte do proceso de composicionalidade semántica no que os formantes *se xuntan e se axustan* (*taylor*, na terminoloxía de Allerton 1984) para dar lugar ó significado do todo.

Como exemplo, na colocación *sofocar una rebelión* prodúcese un intercambio de información semántica entre o verbo e o substantivo que fai intelixente e intelixible a expresión: dunha banda, *rebelión* adquire certa similitude cun incendio (polo seu ardor, a súa rápida extensión, a irrupción repentina...) grazas ó significado do verbo que o acompaña; e, doutra banda, o verbo *sofocar* xúntase e axústase ó substantivo trabando unha relación de sinonimia contextual con verbos como *reprimir* ou *dominar*: *las rebeliones se apagan* do mesmo xeito que *se sofocan los incendios*.

c) A selección que leva a cabo a base sobre o colocativo posúe carácter léxico-semántico: semántico porque busca a expresión dun determinado significado, e dobremente léxico, na medida en que a preexistencia da base léxica condiciona –e mesmo, nalgúns casos, determina– a elección dunha determinada unidade léxica como colocativo (Alonso 2002).

A modo de ilustración, podemos observa-la diferente selección léxica que exercen os substantivos *relación* e *conversación*: mentres que *las relaciones se guardan* e *se mantienen*, *las conversaciones se mantienen* pero non **se guardan*. Percíbese, polo

² Para profundar nesta concepción das colocacións pode consultarse Muñiz (2004).

³ No seguinte apartado teremos ocasión de falar desta diferenza máis polo miúdo.

tanto, que os colocativos son elixidos en función dun determinado significado que se desexa expresar (nos exemplos propostos, ‘ter, soste’) e da preferencia ou condición que determine a base léxica.

d) Por último, as colocacións son expresións típicas, nun sentido próximo ós presupostos cognitivos, de xeito que o significado que se pretende expresar constitúe un proceso ou unha calidade típica da base (ou, mellor, da realidade expresada pola base). Seguindo co substantivo anterior, son combinacións típicas *provocar una rebelión, incitar a la rebelión, estallar una rebelión, concluir una rebelión* ou *aplar una rebelión*, fronte a combinacións como *imaginar una rebelión, describir una rebelión* ou *desear una rebelión*, nas que o vínculo substantivo-verbal é atípico⁴.

3. Colocación e restrición léxica

Unha vez presentados exiguamente os conceptos de *colocación* e *clase léxica*, afronto a súa análise comparativa, que ten por finalidade delimita-lo ámbito de aplicación propio de cada unha destas ideas. A presentación contrastiva faise tanto máis necesaria canto que gran parte da bibliografía fala das colocacións dende unha óptica puramente formal (como mera coaparición ou como coaparición frecuente) ou –sobre todo no contexto da lingüística hispánica- identificaas coas *implicacións léxicas* de Coseriu (1967). Como é esperable, non se trata dunha análise exhaustiva, senón que se procura diferenciar-lo ámbito de aplicación de cada concepto e a súa utilidade na descrición lexicográfica, aínda que *grosso modo*.

3.1. O ámbito de aplicación

Coido que nos estudos sobre combinatoria léxica de Bosque subxace a identidade entre *colocación* e *implicación léxica*, e iso explica que considere a colocación como un caso extremo da determinación semántica que os predicados exercen sobre os seus argumentos e, xa que logo, rexeite a natureza binaria e léxica do vínculo colocacional para defender unha ligazón semántica de un a moitos (do predicado a tódalas realizacións posibles dos argumentos).

Como consta no primeiro apartado, Bosque observa que, contra o que se afirma decote, as colocacións como *enemigo acérrimo, ignorancia supina* ou *llover torrencialmente* coaparecen con frecuencia, pero non posúen unha relación exclusiva. En consecuencia, o autor defende que a restrición léxica do predicado non se reduce a unha serie de unidades desvencelladas entre si, senón que os predicados seleccionan *clases léxicas* máis ou menos extensas. Dende a óptica de *Redes*, as colocacións son manifestacións concretas da clase léxica que restrinxe o predicado e, por iso, Bosque prefere describi-la combinatoria léxica cunha orientación do predicado ó argumento, é dicir, na

⁴ Írsula (1992) foi o primeiro en falar da tipicidade no contexto dos estudos colocacionais, adaptando a teoría de Rosch (1975). Posteriormente (Írsula 1994), identifica as colocacións cos *virtuemas* de Pottier (1964) en tanto que combinacións típicas.

Nunha liña próxima, Wotjak (1992: 121) recupera a noción de *halo* de Pottier (1975) e indica que o *halo* de "predicaciones admisibles para un determinado sustantivo se ve determinado por nuestro conocimiento procesual predicador y se nutre del conocimiento enciclopédico adquirido".

terminoloxía de Hausmann (1979), do *colocativo* cara á *base*. Deste xeito, cuestiónase a adecuación e a utilidade do concepto de *colocación* na descrición da combinatoria léxica.

Cadro conforme con Bosque en que as colocacións non son combinacións exclusivas, como acabo de expor, tanto se con esa exclusividade nos referimos a que o colocativo se combina unicamente coa base (como en *enemigo acérrimo*); como se falamos da adquisición dun significado novo por parte do colocativo en presenza dunha determinada (e única) base léxica (como en *café solo*). Pese a isto, o feito de que a colocación non se sosteña sobre unha relación semántica exclusiva non é óbice para afirmar-lo carácter léxico e binario das colocacións (Bosque 2001a: 17 e 2004: CLII)⁵.

Para a miña idea, as clases léxicas non poden dar conta de toda a combinatoria do léxico, porque existen condicións combinatorias que van máis alá das posibilidades descritivas das clases léxicas. Como vén reiterándose dende Halliday (1966), hai unha restrición contextual inexplicable en termos semánticos xa que algunhas combinacións léxicas, aínda sendo posibles segundo as regras semánticas, están bloqueadas pola *tiranía do uso* (en palabras de Hausmann 1979). Hai que afirmar, polo tanto, que a selección léxica dos predicados posúe *lagoas* ou *descontinuidades*⁶.

Na descrición da extensión dos predicados é lícito deduci-las clases léxicas a partir da combinatoria léxica documentada nos cörpera, abstraendo os trazos semánticos que comparten; pero cómpre salientar que a enunciación deses trazos semánticos non equivale á descrición da combinatoria léxica do lema, precisamente pola constatación de irregularidades nos paradigmas: a indución dos trazos semánticos ás bases léxicas dá como resultado as combinacións posibles, pero non permite discriminar cales destas resultan naturais a oídos nativos. Por exemplo, as combinacións *pasión irrefrenable*, *atracción irrefrenable*, *amor irrefrenable*, *afición irrefrenable*, *interés irrefrenable*... permiten falar dunha clase léxica que *Redes* formula como “sustantivos que designan outras sensaciones o sentimentos intensos o vehementes, muy frecuentemente de atracción, estima o inclinación afectiva hacia las personas o las cosas”, pero isto non equivale a dicir que tódolos substantivos que designan sensacións ou sentimentos

⁵ A existencia de lagoas colocacionais como **gardar unha conversación* pon de manifesto a natureza léxica das colocacións. Esta constatación leva a Alonso (2002: 69) a afirmar que a combinación *gran dolor* é unha colocación porque as expresións **gran fiebre* ou **gran hambre* son imposibles. Á miña maneira de ver, aínda que un colocativo se combine con tódalas bases semanticamente próximas, non deixa de estar seleccionado lexicamente por cada unha das bases; polo tanto, o feito de que un presunto colocativo se combine ou non con tódalas bases colocacionais semanticamente próximas é unha cuestión allea á determinación de se existe ou non colocación en cada combinación particular. Para dicilo doutro xeito, a existencia de lagoas léxicas é unha proba da natureza léxica do vínculo colocacional, pero non é condición imprescindible para poder etiquetar como *colocación* unha combinación léxica determinada.

Canto ós exemplos propostos por Alonso (2002), cómpre subliñar que os seus estudos se cinguen ó castelán actual de España e que se refiren exclusivamente ás colocacións nas que o adxectivo adopta o significado de ‘intenso’. Por iso, entendo que a imposibilidade da combinación non impide a existencia de *gran hambre* como denominación histórica, na que o colocativo toma o contido de ‘extenso’.

⁶ De feito, Bosque (2001a: 39) reconece a existencia de lagoas na selección léxica cando indica que o predicado *contraer* selecciona a clase das ‘enfermidades’ e, con todo, o *resfriado* non se *contrae*.

intensos ou vehementes se combinen de feito co adxectivo *irrefrenable* e, así, temos **aprecio irrefrenable* e **amistad irrefrenable*, entre outras lagoas.

Noutras palabras, en moitas ocasións o descriptor de clase non permite predicir qué realización léxicas da clase se poden combinar co lema e qué combinacións son estrañas ó uso común da lingua. Por exemplo, a entrada de **RESCINDIR** delimita a clase dos “sustantivos que denotan acordo o pacto, generalmente de índole contractual, así como con otros que designan textos de carácter jurídico que suelen contener esos acuerdos” e aparece ilustrada no *Redes* cos sustantivos *contrato*, *convenio*, *acuerdo*, *contrata*, *póliza*, *empleo*, *tratado*, *documento* e *licencia*. Así e todo, os sustantivos *pacto* ou *alianza*, a pesar de responder ás condicións semánticas sinaladas polo descriptor de clase, non se combinan co verbo *rescindir*. En casos como estes, vese que os trazos semánticos que definen as clases léxicas abranguen un continuo extensional que ás veces non é totalmente coincidente coa combinatoria léxica do lema, salpicada de lagoas. En resumo, a extensión semántica e a combinatoria léxica non son conceptos sinónimos.

Bosque admite a existencia de irregularidades no seo dos paradigmas restrinxidos, pero engade que “también se perciben en las clases léxicas que son sensibles a comportamientos sintácticos homogéneos no relacionados con las colocaciones”, como son as diferenzas sintácticas entre *ver* e *mirar*. Así mesmo, o autor tenta paliar-lo problema mediante a inclusión de paradigmas representativos dos realizadores das clases léxicas (Bosque 2001b e 2004). Pero a inclusión dos paradigmas non soluciona completamente o problema, por dúas razóns: pola exclusión dos colocativos máis abstractos e polas limitacións inevitables de todo corpus.

En primeiro lugar, como indica Bosque (2001a: 15), o concepto de *selección léxica* presupón “la naturaleza más o menos abstracta de la selección semántica que realiza cada predicado”, de forma que *Redes* prescinde dos colocativos que seleccionan clases léxicas demasiado amplas, é dicir, que agrupan un número moi elevado de bases. É o caso de *lentamente*, que determina un grupo de eventos tan abstracto (‘accións ou procesos’), que a relación de verbos que constitúe o paradigma é demasiado longa para poder sistematizala.

Posiblemente, o criterio é válido se se trata de describi-la restrición léxica (léase “semántica”) dos predicados; en cambio, dende o punto de vista da combinatoria léxica, non parece adecuado eliminar a priori os colocativos máis abstractos, posto que presentan un comportamento idéntico respecto doutros colocativos máis concretos cos que, de feito, manteñen relacións de sinonimia contextual. Por exemplo, se un falante, a propósito de *ganas*, desexa expresa-lo significado ‘intenso’, poderá selecciona-los colocativos *locas*, *tremendas*, *grandes*, *horribles*, *inmensas*, *verdaderas*, *irrefrenables*...⁷ *Redes* carece de bastantes destes colocativos porque, se ben restrinxen un tipo de entidades (no caso de *grande*, por exemplo, as mensurables), os trazos que determinan

⁷ Pode contrastarse a entrada de GANA(S) de *Redes* coa voz GANA do *Diccionario de Colocaciones del Español* (DiCE), que se encontra parcialmente publicado na rede: <http://www.dicesp.com> ou <http://www.colocacionesp.com>.

estas clases resultan excesivamente abstractos e as listas de substantivos que os forman demasiado longas.

Como se pode ver, os elementos léxicos como *grande* ou *lentamente* ocupan un lugar de pleno dereito entre os colocativos, porque responden ás condicións léxico-semánticas contextuais, independentemente do grao de abstracción do seu significado e das relacións combinatorias máis ou menos restrinxidas. Se prescindisemos dos colocativos máis abstractos, a descrición das relacións colocacionais quedaría truncada, non só pola ausencia dunha gran cantidade de colocativos, senón porque moitos deles son seleccionados con preferencia sobre outros máis intensos, cos que manteñen relacións de sinonimia contextual en virtude do fenómeno de confección semántica.

Como é coñecido, a especialización semántica xustifícase como un dos posibles efectos da interacción contextual de varios elementos léxicos. Ó meu xuízo, non se trata dun tipo de idiomaticidade, senón do proceso xeral de composicionalidade semántica, que lles permite ós significados compoñentes unirse ou *confeccionarse* en favor do significado global da secuencia. Contra o que supón Corpas (1997), a confección semántica (na súa terminoloxía, a *especialización semántica*) non sempre produce unha maior abstracción do significado do colocativo, senón que nos casos nos que este posúe illadamente un significado xenérico (unha intensión feble), a confección leva á concreción do seu contido. Os colocativos abstractos (entre os que se contan os denominados *verbos soporte*) representan un caso extremo de confección semántica, xa que a xeneralidade do seu significado lles permite actuar como *proformas léxicas*, chegando a establecer relacións de sinonimia contextual con colocativos de grande intensión. Así, para o significado de 'intenso', o substantivo *ganas* elixe os colocativos *locas*, *grandes*, *horribles*, *inmensas*, *rabiosas*... que pasan a ser sinónimos neste contexto léxico, independentemente da intensión que posúan illadamente.

En segundo lugar, a inclusión dos paradigmas léxicos non soluciona completamente o problema da descontinuidade das clases léxicas, porque non é posible diferenciar cando a ausencia dunha base nun dos paradigmas significa a existencia dunha descontinuidade e cando se trata dunha ausencia motivada polas limitacións do corpus⁸. Por suposto, é esperable que as ausencias que se poidan detectar correspondan a realizacións pouco frecuentes, de maneira que a súa falta non deforme demasiado a panorámica xeral das posibilidades combinatorias dun determinado predicado; no entanto, dende o punto de vista do colocativo, estas mesmas ausencias poden revestir unha maior transcendencia.

Por exemplo, se na entrada do verbo *dar* botamos en falta a base *llave*, a ausencia non supón un gran menoscabo para a entrada do verbo; pero para un falante que busque as combinacións posibles de *llave*, sen dúbida se trata dunha falla salientable, posto que esta base apenas pode combinarse no sentido de 'accionar para pechar' con máis

⁸ Isto mesmo é o que sinala Alonso (2002: 74-75) a propósito das posibilidades do contorno lexicográfico na descrición das relacións colocacionais.

colocativos que *dar* (fronte a **tomar la llave* e **hacer la llave*), *echa*r (fronte a **tirar la llave*) e *pasar* (fronte a **atravesar la llave*)⁹.

Posiblemente, a percepción da descontinuidade leva a Bosque a introducir restricións léxicas que non constitúen unha clase en sentido estrito. Son numerosas as clases de *Redes* que constitúen un sumatorio de diversos elementos carentes do vínculo intensional imprescindible para formar unha clase. Vexamos algúns exemplos:

redoblar [...] F LOS SUSTANTIVOS *RESPONSABILIDAD Y COMPROMISO*.

quebradizo [...] B EL SUSTANTIVO *VOZ* Y ALGUNAS DE SUS MANIFESTACIONES. TAMBIÉN CON OTROS QUE DESIGNAN LO QUE SE EXPRESA CON LA VOZ (representada por los sustantivos *voz, palabra, lenguaje y rumor*).

primar [...] E EL SUSTANTIVO *DERECHO*. TAMBIÉN CON OTROS QUE DESIGNAN VALORES DE LAS PERSONAS O LAS COSAS QUE SE TIENEN POR ASPIRACIONES NATURALES (representada por los sustantivos *calidad, derecho, experiencia y competitividad*).

profesar [...] A SUSTANTIVOS QUE DENOTAN CREENCIA RELIGIOSA. TAMBIÉN CON OTROS QUE DESIGNAN ALGUNOS DE SUS RASGOS O DE SUS MANIFESTACIONES (*religión, fe, creencia, credo, culto, doctrina, confesión, confesionalidad, islamismo, catolicismo, cristianismo, budismo, hinduismo, ortodoxia*).

Como se pode apreciar nos fragmentos reproducidos, algunhas entradas contan con descritores que se refiren a elementos léxicos particulares (*redoblar, quebradizo e primar*) e, polo tanto, non se pode falar estritamente dunha clase, nin de que o descritor conteña información intensional. Noutras entradas (*quebradizo e primar*) mestúranse os trazos léxicos cos semánticos; ou mesmo se agrupan diferentes nocións semanticamente próximas (*profesar*) que se presentan como opcións alternativas, de xeito que as unidades léxicas que se agrupan baixo esta etiqueta non sempre comparten trazos semánticos.

En suma, este tipo de agrupacións semánticas, léxicas ou léxico-semánticas non se poden considerar clases léxicas e, de feito, presentan parte das limitacións da noción de restrición léxica na súa aplicación á descrición da combinatoria. Noutras palabras, o concepto de *selección léxica* é un bo instrumento para a descrición da extensión dos predicados, pero non é abondo para dar conta da combinatoria léxica deses mesmos predicados.

Como consecuencia do exposto ata agora, podemos afirmar que a restrición léxica é unha noción de natureza semántica, que establece unha relación de un (o lema) a moitos (os membros do paradigma descrito pola restrición) e, por conseguinte, caracterízase por unha orientación valencial, do predicado ó argumento (ou do colocativo á base). O seu poder descritivo abrangue os ámbitos extensionais dos predicados, pero non pode dar conta da combinatoria léxica dos predicados.

Pola súa banda, a colocación é un concepto de carácter léxico ou, mellor, léxico-semántico, que trabala vínculos binarios entre a base colocacional (o argumento) e

⁹ De feito, *Redes* vese obrigado a incluír manualmente os colocativos xenéricos -entre outros- nas entradas das bases, baixo pena de deixalas seriamente mancadas.

o colocativo (o predicado). O seu ámbito de aplicación esténdese á combinatoria léxica dos argumentos que responden a algún dos significados típicos deses argumentos.

É esperable que as bases semanticamente próximas posúan colocativos en común, pero o uso pode establecer relacións de sinonimia contextual entre elementos que illadamente non eran equivalentes (*verdadera, loca e grande*, por exemplo, en combinación con *gana*), ou ben pode bloquea-la conmutación de unidades que illadamente poderían considerarse sinónimas (como *fuerte e potente*, por retomar un exemplo clásico). O vínculo colocacional é idéntico, tanto se o colocativo presenta unha combinatoria sistemática, como se manifesta resistencia a coaparecer con algunha das bases semanticamente próximas. Ademais, este carácter léxico vese reforzado pola existencia dun patrón de sinónimos contextuais específicos de cada base e significado, que non sempre coincide co patrón colocacional das bases semanticamente próximas para ese mesmo significado, ben porque se amplíen as posibilidades combinatorias, ben porque se restrinxan.

En suma, ó introducir entre as colocacións combinacións completamente transparentes como *ganans grandes*, a noción de selección léxica colocacional afástase da idea de implicación léxica como prototipo colocacional (Aguilar-Amat 1993, Mel’čuk 1995¹⁰ e García-Page 2001), así como do tratamento das colocacións como un subtipo de *restrición léxica* (Bosque 2001a, 2001b, 2003 e 2004).

3.2. Utilidade dos conceptos na descrición lexicográfica

Segundo a proposta anterior, os ámbitos de aplicación dos conceptos de *restrición léxica* e *colocación* superpóñense parcialmente. Así, por exemplo, a combinación *entablar una conversación* pertence á competencia descritiva de ambas nocións: o substantivo *conversación* corresponde á restrición semántica determinada polo verbo (“substantivos que denotan comunicación verbal entre dúas ou máis persoas”); pero tamén o predicado *entablar* verbaliza un dos significados típicos do substantivo ('comezar a existir'). Pódese dicir, polo tanto, que a combinación *entablar una conversación* debe figurar tanto nun dicionario de restricións léxicas como *Redes* como nun dicionario de colocacións como o *DiCE*.

Cabería obxectar que a aplicación destas nocións (así delimitadas) á lexicografía dá lugar a unha descrición redundante. Non obstante a evidente superposición dos obxectos de aplicación, coído que non hai tal redundancia. As nocións de restrición léxica e colocación son complementarias. A direccionalidade inversa presta servizos diferentes á descrición lexicográfica e, en consecuencia, ós usuarios das obras lexicográficas: mentres o dicionario de restricións léxicas ten unha finalidade descodificadora, o dicionario de colocacións é útil na codificación.

Colocación e restrición léxica responden a preguntas distintas. Un falante no acto de produción nunca se proporá escribir catro ou cinco secuencias co verbo *cumplir* ou coa locución *a rajatabla* (agás que estea sometido a algún tipo de tortura lingüística). Nestas

¹⁰ Mel’čuk (1995) defende a existencia de catro tipos de colocación, segundo a sorte de dependencia que mantén o colocativo respecto da base. Un destes catro tipos coincide coa implicación léxica.

circunstancias, as preguntas que os falantes formulan non son do tipo de *¿con que se combina o verbo 'cumplir'?*, senón semellantes a *¿que se fai coas 'normas'?*, *¿que pasa coas 'normas'?*, *¿como se di 'hacer lo que dicen las normas'?* ou *¿como se di 'perder validez una norma'?* No mesmo sentido, un falante na circunstancia de interpretar unha secuencia non preguntará polas posibilidades combinatorias do argumento, senón polo sentido no que un predicado pode seleccionar ese argumento (*¿que significa 'prestar' na combinación 'prestar ayuda'?*).

En conclusión, o concepto de *restricción léxica* é útil para a formulación das condicións semánticas dos argumentos, pero non parece adecuado para a descrición da combinatoria léxica, dada a existencia de lagoas léxicas ou irregularidades nos paradigmas léxicos. Por esta razón, parece claro que paga a pena conserva-lo concepto de *colocación* co fin de dar conta das relacións léxicas (non semánticas) entre unidades. A noción de colocación permite establecer relacións de sinonimia contextual entre unidades léxicas que illadamente carecen de vínculo semántico e, sobre todo, proporcionan un instrumento insubstituíble na lexicoloxía e na lexicografía onomasiolóxica, na que as clases léxicas carecen de pertinencia.

Colocación e restricción léxica constitúen camiños distintos para a investigación da combinatoria léxica, porque parten de principios diferentes e procuran fins distintos. A colocación sitúase dende o punto de vista da codificación e non dende a aprendizaxe da combinatoria semántica; mentres que a restricción léxica se identifica dende a óptica da descodificación e pretende dar conta do significado do predicado e da combinatoria que del deriva.

Así concibidas, as nocións de restricción léxica e colocación coinciden en manifesta-la existencia dunha restricción léxica non fraseolóxica que regula a combinatoria entre predicados e argumentos. Implicitamente, negan a existencia da combinatoria léxica libre, rexeitan a idea de que a combinatoria fixa resulte manida, imitativa e vulgar e declaran a insuficiencia dunha descrición fraseolóxica baseada exclusivamente nas tradicionais nocións de fixación, idiomaticidade e frecuencia de coaparición, que agrupan sen distinción feitos lingüísticos sumamente heteroxéneos.

4. Bibliografía

- AGUILAR-AMAT CASTILLO, A. de (1993): *Las colocaciones de nombre y adjetivo. Un paso hacia una teoría léxico-semántica de la traducción*. Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona.
- ALLERTON, D. J. (1984): "Three (or four) levels of word cooccurrence restriction" en *Lingua* 63,1984,17-40.
- ALONSO RAMOS, M. (1993): *Las Funciones Léxicas en el Modelo Lexicográfico de I. Mel'čuk*. Tese de doutoramento inédita. Universidad Nacional de Educación a Distancia, Madrid.
- (2002): "Colocaciones y contorno de la definición lexicográfica" en *Lingüística Española Actual* XXIV/1,2002,63-96.

- BOSQUE, I. (2001a): “Bases para un diccionario de restricciones léxicas” [conferencia inaugural do Congreso Internacional de Lingüística: Léxico y Gramática, celebrado en Lugo do 25 ó 28 de setembro do 2000] en *Moenia* 7,2001,11-52.
- (2001b): “Sobre el concepto de colocación y sus límites” en *Lingüística Española Actual* XXIII/1,2001,9-40.
- (2003): “La direccionalidad en los diccionarios combinatorios y el problema de la selección léxica” [en liña], *Xarxa temàtica en Gramàtica Teòrica*, Barcelona, 21 de novembro de 2003.
<http://seneca.uab.es/filologiacatalana/investigacio/xarxes/bosque.pdf>
[Consulta: xaneiro do 2004]
- (dir.) (2004): *Redes. Diccionario combinatorio del español contemporáneo*. Ediciones SM, Madrid.
- CORPAS PASTOR, G. (1997): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- (2001): “Apuntes para el estudio de la colocación” en *Lingüística Española Actual* XXIII/1,2001,41-56.
- COSERIU, E. (1967): “Las solidaridades léxicas” en COSERIU, E. (1977): *Principios de semántica estructural*. Gredos, Madrid, 143-161.
- GARCÍA-PAGE, M. (2001): “El adverbio colocacional” en *Lingüística Española Actual* XXIII/1,2001,89-105.
- GINEBRA, J. (2002): “Las unidades del tipo *dinero negro* y *dormir como un tronco*: ¿naturaleza léxica o gramatical?” [comunicación presentada no I Congreso Internacional de Lingüística Léxico y Gramática, celebrado en Lugo en setembro do 2000] en VEIGA, A., GONZÁLEZ PEREIRA, M. e SOUTO GÓMEZ, M. (eds.) (2002): *Léxico y Gramática*. Linguas e Lingüística 3. Tris Tram, Lugo, 147-154.
- HALLIDAY, M. A. K. (1966): “Lexis as a Linguistic Level” en BAZELL, C.E. et al. (eds.): *In Memory of J. R. Firth*. Longman, London, 148-162.
- HAUSMANN, F. J. (1979): “Un dictionnaire des collocations est-il possible?” en *Travaux de Linguistique de Litterature* XVII/1,1979,187-195.
- ÍRSULA PEÑA, J. (1992): “Colocaciones sustantivo-verbo” en WOTJAK, G. (ed.): *Estudios de Lexicografía y Metalexicografía del español actual*. Lexicographica/Niemeyer, Tübingen, 159-167.
- (1994): “Entre el verbo y el sustantivo, ¿quién rige a quién? El verbo en las colocaciones sustantivo-verbales” en *Verbo e Estruturas Frásicas*. Universidade de Porto, Porto, 277-286. (Anexo VI de *Litera*, que recolle as actas do IV Coloquio Internacional de Lingüística Hispánica celebrado en Leipzig do 22 ó 25 de novembro de 1993).
- KOIKE, K. (2001): *Colocaciones léxicas en español actual: estudio formal y léxico-semántico*. Universidad de Alcalá/Universidad de Takushoku.
- MEL’ČUK, I. A. (1995): “Phrasemes in Language and Phraseology in Linguistics” en EVERAERT, M. et al. (eds.): *Idioms: Structural and Psychological Perspectives*. Erlbaum Associates, New Jersey, 167-232.
- MUÑIZ ÁLVAREZ, E. (2004): *El concepto de colocación en español*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.

- POTTIER, B. (1964): “Vers une sémantique moderne” en *Travaux de linguistique et de littérature* II/1,1964,108-135. Recollido en POTTIER, B. (1970): *Linguística moderna y filología hispánica*. Gredos, Madrid, 99-133.
- ROSCH, E. (1975): “Human Categorization” en WARREN, N. (ed.): *Advances in Cross-Cultural Psychology* I. Academic Press, London, 3-49.
- WOTJAK, G. (1992): “Estructuras en el léxico” en WOTJAK, G. (ed.): *Estudios de lexicografía y metalexigrafía del español actual*. Max Niemeyer, Tübingen, 108-124.
- (1996): “Las colocaciones léxicas verbales: acercamiento semántico a las construcciones verbo-nominales funcionales” en ARJONA, M. et al. (eds.): *Actas del X Congreso Internacional de la Asociación de Lingüística y Filología Latina*. UNAM, México, 797-805.
- (1998a): “Reflexiones acerca de construcciones verbo-nominales funcionales” en WOTJAK, G. (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Vervuet/Iberoamericana, Frankfurt/Madrid, 257-279.
- (1998b): “Relaciones sintagmáticas en el léxico” en DELBECQUE, N. e PAEPE, C. de (eds.): *Estudios en Honor del Profesor Josse de Kock*. Leuven University Press, Leuven, 577-594.